

Campus de Ourense

Facultade
de Ciencias
da Educación

Grao en Educación
Social

Rama de coñecemento

Ciencias sociais e xurídicas

Prazas

75

Créditos ECTS anuais

60

Créditos ECTS totais

240

Descrición

O propósito fundamental deste grao é formar profesionais capaces de xerar contextos educativos e accións mediadoras que permitan a incorporación das persoas obxectivo ás diversas redes sociais, así como a súa promoción cultural e social mediante accións socioeducativas, tanto preventivas como de intervención.

Dotará o estudiantado da formación e as ferramentas necesarias para desempeñar profesionalmente as actividades enumeradas.

Áreas

— Educación non formal: animación de actividades extraescolares, educación para o lecer e o tempo libre, educación cívica, educación e interpretación ambiental, educación para a saúde.

— Educación de persoas adultas: ensinanzas de alfabetización, educación permanente, pedagogía da terceira idade, formación ocupacional, formación continua, preparación para a xubilación.

— Animación sociolaboral: inserción sociolaboral, información e orientación para o emprego, preparación para xubilarse, plans de formación continua, formación e orientación laboral.

— Animación sociocultural: turismo social e cultural, turismo xuvenil, educación na rúa, promoción do asociacionismo da participación social, información e dinamización xuvenil, xestión cultural, desenvolvemento comunitario.

— Acción socioeducativa: atención comunitaria, estudo de novas tecnoloxías e a súa aplicación educativa, educación especializada, educación familiar, intervención socioeducativa, servizos sociais de atención primaria, servizos penitenciarios, servizos de información e planificación familiar, dinamización e sensibilización social.

— Inserción social: prevención e tratamento en toxicomanías, prevención e intervención con grupos en risco de exclusión social, protección e tutela de menores; servizos de protección e asistencia social, servizos de medidas de xustiza xuvenil, prevención e intervención ante a violencia de xénero.

Saídas profesionais

— Residencias da terceira idade
— Cooperativas de traballo asociado
— Centros de lecer
— Departamentos de formación

— Servizos socioeducativos
— Empresas de servizos
— ONG e fundacións
— Asociacións (veciñais, culturais, xuvenís...)
